# Ficha de Autorización de Datos

Polas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

D./Dna. ______________________________________________ con DNI ________________e/ou de ser o caso D./Dna ___________________________________, con DNI ________________ en calidade de*: ___________________________________________

*Especificar a persoa ou entidade que exerza as medidas de apoio á persoa con discapacidade na súa capacidade xurídica: Pai/Nai/titor/a (menores de idade), representante legal, ou persoa que presta o apoio. Terase que aportar o **documento acreditativo.**

En conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018 declara haber sido informado de que FADEMGA Plena Inclusión Galicia, como responsable do tratamento, tratará os seus datos para xestionar a súa prescrición no Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión. Poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos datos, entre outros, tal e como se explica na información adicional que pode consultar no reverso desta folla.

En _____________________________________, _____ de _________________ de 2024

**Asinado**
(Participante)

**Asinado**
(Representante legal ou persoa que presta medidas de apoio)

# Ficha de Autorizacións

Polas persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

**INFORMACIÓN ADICIONAL IMPORTANTE SOBRE CÓMO TRATAMOS OS SEUS DATOS**

**Normativa**: Regulamento (UE) 2016/679 RGPD e LOPDGDD 3/2018

**¿Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?** FADEMGA Plena inclusión Galicia CIF: G36620037 Polígono do Tambre-Vía Pasteur 53A-15890 Santiago de Compostela (A Coruña). Teléfono: 981519650. Correo electrónico: fademga@fademga.org

**¿Con que finalidade tratamos os seus datos?** Para a xestión da prescrición, inscrición e posterior participación no Programa de Vacacións IMSERSO Plena inclusión, para a xestión contable e fiscal derivada do mesmo e para a xestión e xustificación das axudas e subvencións. No caso de que nos dea o seu consentimento utilizaranse nos termos expostos na autorización.

**¿Por que estamos lexitimados para tratar os seus datos?** Porque existe un precontrato/contrato e un interese lexítimo na súa formalización/execución. A base de lexitimación para o tratamento dos seus datos de saúde e a prestación dun servizo de asistencia social e, no seu caso, a protección dos intereses vitais do interesado no suposto de que non estea capacitado para dar o seu consentimento, de conformidade cos art. 9.2 h) e 9.2 c) do Regulamento. A base de lexitimación para a xestión contable e fiscal é o cumprimento dunha obriga legal establecida na Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e demais lexislación aplicable. A base de lexitimación para a comunicación dos seus datos a entidades e organismos financiadores é o interese lexítimo de FADEMGA Plena Inclusión Galicia en obter a financiación necesaria para poder continuar desenvolvendo a súa actividade. A base de lexitimación para os tratamentos de datos ós que se refire a autorización é o seu consentimento.

**¿Durante canto tempo conservaremos os seus datos?** Os seus datos conservaranse durante o tempo necesario para alcanzar as finalidades indicadas e, debidamente bloqueados, durante o prazo de prescrición máis amplo de conformidade con la lexislación aplicable.

**¿A que terceiras partes se comunicarán os seus datos?** Comunicaranse a entidades relacionadas os datos que sexan necesarios para xestionar a súa participación na actividade (aloxamentos, empresas de restauración, transporte, seguros...). Poderanse comunicar á Administración Tributaria para o cumprimento de obrigas legais, a Plena inclusión (https://www.plenainclusion.org/politica-de-privacidad/) e entidades e organismos financiadores a efectos de xustificación de axudas e subvencións e os nosos encargados de tratamento cando sexa preciso para a correcta prestación dos servizos que lles temos contratado. Poderanse comunicar a centros de saúde e de emerxencias os datos que sexan necesarios para a xestión das situacións de urxencia que se poidan chegar a plantexar. No caso de que nos dea o seu consentimento comunicaranse nos termos expostos na autorización.

**¿Vanse realizar transferencias de datos a terceiros países?** No caso de que nos dea o seu consentimento para a toma das súas imaxes, con ocasión da publicación a través das redes sociais (Facebook, Instagram, Twitter, YouTube e LinkedIn) poderase producir unha Transferencia Internacional dos seus datos a EE.UU. ou a calquera outro país no que os seus subencargados manteñan operacións. Estas transferencias realizaranse mediante cláusulas contractuais tipo e decisións de adecuación. Pode obter máis información a través de: https://es-es.facebook.com/privacy/explanation, https://es-la.facebook.com/help/instagram/155833707900388, https://privacy.twitter.com/en/for-our-partners/global-dpa, https://www.youtube.com/t/terms_dataprocessing e https://es.linkedin.com/legal/l/dpa.

**¿É obrigatorio que nos facilite os seus datos?** Os datos solicitados son necesarios para poder inscribirse no servizo, do contrario non se poderá participar.

**¿Cales son os seus dereitos cando nos facilitas os datos?**

- **Acceso**: ten dereito a obter confirmación sobre se estamos a tratar os teus datos persoais ou non, a saber cales son, para que se empregan, canto tempo se van a gardar, a orixe dos mesmos e se se teñen comunicado ou se van comunicar a unha terceira parte.
- **Rectificación**: ten dereito a solicitar a rectificación dos datos inexactos e a que se completen os datos persoais incompletos.
- **Supresión**: ten dereito a solicitar a supresión dos datos de carácter persoal cando sexan erróneos, excesivos ou xa non sexan necesarios para os fins para os que foron recollidos, incluído o dereito ao esquecemento.
- **Oposición**: ten dereito a opoñerte, en determinadas circunstancias, a que se realice o tratamento dos teus datos persoais ou a solicitar que se cese no tratamento.
- **Limitación do Tratamento**: ten dereito a solicitar, nas circunstancias establecidas legalmente, que non se traten os teus datos más aló da mera conservación dos mesmos.
- **Portabilidade**: ten dereito a recibir os datos de carácter persoal nun formato estruturado, de uso común e lectura mecánica, e poder transmitirllos a outro ou outra responsable, sempre que sexa tecnicamente posible.
- **Dereito a retirar o consentimento**: no caso de que a base de lexitimación para o tratamento dos seus datos sexa o teu consentimento ten dereito a retiralo en calquera momento. Se o fai non se verán afectados os tratamentos de datos feitos con anterioridade.

**¿Como pode exercer estes dereitos?** Por escrito, dirixíndose a Polígono Tambre-vía Pasteur, 53 A, 15890, Santiago de Compostela (A Coruña) ou ó correo electrónico fademga@fademga.org. Poñemos á súa disposición modelos para o seu exercicio que poden obterse a través da dirección ou do correo electrónico indicado anteriormente. Para máis información: www.agpd.es.

**¿Ten dereito a presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control?** No caso de que non se respectaran os seus dereitos pode presentar unha reclamación dirixíndose por escrito á Axencia Española de Protección de Datos sita na rúa Jorge Juan, 6-28001-Madrid ou utilizar a sede electrónica: https:// sedeagpd. gob.es. En ambos os casos, deberá acompañar a documentación pertinente.